

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONSELLO DE COLEXIOS DE MÉDICOS DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL AO MÉDICO ENFERMO "PAIME".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 8.4.2025 co Consello de Colexios de Médicos de Galicia o instrumento convencional arriba referido, con entrada en vigor o día seguinte da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2025.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do convenio, o desenvolvemento do Programa de Atención Integral ao Médico Enfermo (en adiante, PAIME) por parte do Consello de Colexios de Médicos de Galicia, coa colaboración do Servizo Galego de Saúde. O contido do programa consiste en ofrecer a todo o persoal médico colexiado e en activo, as prestacións administrativas e sanitarias precisas, tanto de consultas externas como de ingresos hospitalarios, en caso de enfermidades relacionadas con trastornos psíquicos e/ou condutas aditivas que poderían interferir na súa práctica profesional, traballando en prol da reincorporación profesional do persoal médico afectado así como actividades de formación e asesoramento para fomentar accións preventivas dende a óptica da saúde pública que impidan ou limiten as condutas de risco do persoal facultativo afectado por estas enfermidades.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional asinado se fundamenta en que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público a aplicación do citado programa, atendendo ás características propias do exercicio da profesión médica e ás circunstancias manifestadas nos expoñendos primeiro e segundo, que este persoal médico require unha atención médica específica, especializada e baixo condicións de confidencialidade, xa que iso permitirá a detección precoz dos casos e a instauración dos tratamentos farmacolóxicos, psicoterapéuticos e rehabilitadores pertinentes, co fin de garantir o axeitado exercicio profesional conforme aos criterios da lex artis.
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se trasponse al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza

estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.
E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

